



Secretaría Xeral
Expte 44256/220

ANUNCIO

Expte 44256/2024 Provisión posto Xefatura Turismo.

Tribunal Sesión núm. 2 de 20/12/2024.

Resolución das alegacións presentadas e baremación definitiva da 1ª fase

Resolución das reclamacións presentadas.

FÁTIMA DUEÑAS CORCHERO

Rexistro de entrada núm. R2024010832 de 05/12/2024

Cód. Doc. 240382040

Cód. Solic. W1219980-2526

«ALEGACIÓN PRIMEIRA Base cuarta, apartado 1.1.1 “recoñecemento del grado personal consolidado”

De acordo có sinalado na DT 8ª.j) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia e o art. 70.11 do RD 364/1995, de 10 de marzo, “por el que se aprueba el Reglamento General de ingreso del personal al servicio de la Administración General del Estado y de provisión de puestos de trabajo y promoción profesional de los funcionarios civiles de la Administración General del Estado”, de aplicación supletoria ás EELL, a consolidación do grado precisa dun recoñecemento expreso en resolución ditada polo órgano municipal competente. Non consta na documentación aportada pola reclamante tal resolución expresa, nin se indicaba na documentación aportada en que expediente administrativo se atopaba (conforme esixe o art. 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común), polo que non foi obxecto de valoración provisional o apartado 1.1.1 “grado persoal consolidado” da base 4ª das específicas que rexen o proceso de provisión no que actúa este Tribunal.

O apartado 1.1.1 foille valorado á Sra. Dueñas Corchero do modo seguinte:

Dueñas Corchero, Fátima ***8505**	
A).- Méritos xerais	máxima 20 puntos
1.1.1. Grao persoal consolidado.	Máximo 4 puntos
	--,--

Nas súas alegacións a reclamante indica que, de acordo coa base 2ª.2.3 das específicas que rexen o proceso de provisión, dado que a información sobre a consolidación do seu grado persoal figura no seu “*expediente persoal*” debeu ser valorado polo Tribunal. Como arriba se indicou, ese extremo non foi posto de manifesto pola aspirante-alegante, de acordo co sinalado no art. 28.3 da Lei 39/2015, polo que non puido ser tido en conta polo Tribunal na avaliación provisional. Coa súa reclamación a aspirante presenta unha resolución da Concelleira delegada de data 28/01/2022 dictada no expte electrónico 39007/220 no que se lle recoñece á Sra. Dueñas Corchero a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel 26.

Polo tanto este motivo da reclamación debe ser estimado e tida en conta esta alegación na avaliación final da interesada. Así a puntuación definitiva neste apartado 1.1.1 da Sra. Dueñas Corchero é a seguinte:

Dueñas Corchero, Fátima	***8505**
--------------------------------	------------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/12/2024 11:56	Páxina 1 de 4
44256-220	CSV: AAA5CD-4D21C3-CBA12E-QL3CT4-61PE1L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Secretaría Xeral
Expte 44256/220

A).- Méritos xerais	máxima 20 puntos
1.1.1. Grao persoal consolidado.	Máximo 4 puntos
Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.	3,00 puntos

ALEGACIÓN SEGUNDA Base cuarta, apartado 1.1.6 "Titulacións académicas"

A base citada sinala:

«CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-
[...]

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.
[...]

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster universitario oficial: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 puntos.
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.»

A reclamante solicita que o título "BA Honours (Bachelor of Arts Honours) International Travel & Tourism Management" cursado en 2000 na Universidade de Londres sexa valorado neste apartado como unha licenciatura universitaria, polos motivos que na súa reclamación sinala.

O apartado 1.1.6 non lle foi valorado provisionalmente á Sra. Dueñas Corchero ao carecer o Tribunal de elementos de xuízo obxectivos que acreditasen que se estaba ante un título de licenciatura universitaria.

En relación con esta reclamación o criterio "oficial" é que cando os títulos académicos foran obtidos no estranxeiro ou foran expedidos por institucións docentes doutros países, deberá achegarse a declaración de equivalencia correspondente ou a homologación expedida polo departamento ministerial competente.

O criterio do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades publicado na súa web (<https://www.universidades.gob.es/homologacion-de-titulos-extranjeros-de-educacion-superior-a-titulos-oficiales-espanoles-de-grado-o-master-que-den-acceso-a-profesion-regulada-en-espana-segun-rd-889-2022-de-18-de-octubre/>) ("Preguntas frecuentes relativas a la tramitación de homologación y declaración de equivalencia a titulación y nivel académico de títulos extranjeros de educación superior conforme al Real Decreto 889/2022, de 18 de octubre."), é o de que os títulos estranxeiros non ten efectos en España. Se se quere que o título universitario sexa recoñecido en España poden seguirse varias opcións: o procedemento de homologación ou o procedemento de equivalencia de título estranxeiro de Educación Superior a nivel académico de Grado ou Máster.

Na mesma liña a doutrina administrativa entende que: "De esta forma, nuestra jurisprudencia más reciente insiste en que un título no homologado no es un título oficial en España y, por lo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/12/2024 11:56	Páxina 2 de 4
44256-220	CSV: AAA5CD-4D21C3-CBA12E-QL3CT4-61PE1L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Secretaría Xeral
Expte 44256/220

tanto, no pode desplegar ningún efecto jurídico, ni de forma directa ni de forma indirecta. Por lo tanto, cuando la posesión del citado título universitario se configure como un presupuesto de acceso al empleo público, se deberá excluir al sujeto que no acredite estar en posesión de la preceptiva homologación. Por su parte, en el caso de que el título aportado sea simplemente un mérito relevante en el concurso público, al no tratarse de un título legalizado, no podrá surtir ningún efecto en territorio español, por lo que no deberá ser objeto de puntuación alguna." ("Nuevos conflictos en el acceso al empleo público: grados, másteres y demás títulos extranjeros no homologados", *Alejandra Selma Penalva, Profesora Titular de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social en la Universidad de Murcia*, Revista General de Derecho Administrativo, Iustel, núm. 57, mayo 2021).

Polo tanto e dado que este Tribunal non ten elementos de xuízo suficientes para valorar se o título "BA Honours (Bachelor of Arts Honours) International Travel & Tourism Management" aportado pola reclamante foi homologado ou recoñecida a súa equivalencia pola administración competente, este motivo da reclamación debe ser desestimado e non é tida en conta esta alegación na avaliación final da interesada.»

O Tribunal de Valoración na sesión citada adoptou os seguintes acordos que se fan públicos aos efectos oportunos:

«Primeiro.- Estimar e desestimar, nos termos e polos motivos sinalados nesta acta, as alegacións formuladas pola Sra. Dueñas Corchero na súa reclamación presentada co rexistro de entrada núm. R20240105832 de 05/12/2024 (cód. doc. 240382040, cód. solíc. W1219980-2526).

Segundo.- Outorgar a valoración definitiva da primeira fase do proceso á aspirante admitida que se une como Anexo I a este acta como proposta do Tribunal.

Terceiro.- Declarar á aspirante Sra. Dueñas Corchero como única aspirante que superou a primeira fase do proceso de provisión do posto ao superar a puntuación mínima sinalada na base cuarta das específicas que o rexén.

Cuarto.- Sinalar como data para a defensa e exposición e defensa publica da Memoria o venres 27 de decembro ás 10:00 h. na sala Europa do terceiro andar da Casa do Concello de Vigo.

Convocase, de acordo coa base cuarta, segunda fase, á aspirante que superou a puntuación mínima sinalada na base cuarta da primeira fase para defensa e exposición da Memoria presentada.»

Anexo I.- Valoración definitiva da primeira fase (concurso) do proceso de provisión do posto de Xefe/a de Turismo mediante concurso específico (base 5ª das específicas que rexén o proceso de provisión, BOP de Pontevedra núm. 93 do 13/05/2024). Resumo:

Dueñas Corchero, Fátima		***8505**
A).- Méritos xerais		máxima 20 puntos
1.1.1. Grao persoal consolidado.		Máximo 4 puntos
		3,00 puntos
1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.		máximo 5 puntos
		5,00 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/12/2024 11:56	Páxina 3 de 4
44256-220	CSV: AAA5CD-4D21C3-CBA12E-QL3CT4-61PE1L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Secretaría Xeral
Expte 44256/220

1.1.7. Nivel de coñecemento da lingua galega.		máximo 2 puntos
		1,00 puntos
B).- Méritos específicos.		máxima 20 puntos.
1.1.8. Experiencia profesional		máximo 8 puntos
		4,14 puntos
1.1.9. Formación específica		máximo 12 puntos
		12,00 puntos
	Total	25,14 puntos

Vigo, á data da sinatura dixital

O Secretario da Comisión de Valoración.
José Villán Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/12/2024 11:56	Páxina 4 de 4
44256-220	CSV: AAA5CD-4D21C3-CBA12E-QL3CT4-61PE1L-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		